

ACTA DE VALORACIÓN DO 1º EXERCICIO FASE DE OPOSICIÓN DO TRIBUNAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS, ADMINISTRATIVOS/AS

En Melide, a 18 de xuño de 2025, ás 11:00 horas, reúnense baixo a presidencia de Guadalupe Vázquez Ascariz os seguintes integrantes do Tribunal que se constitúe para valorar o 1º exercicio da fase de oposición dos/as aspirantes para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a administrativo/a.

Presidenta: Guadalupe Vázquez Ascariz

Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez

Vogais: Socorro Pernas García

Mª Isabel Novo López

Sylvia Cea Vázquez



A presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder á valoración do 1º exercicio da fase de oposición dos/as aspirantes presentados/as:

VALORACIÓN DO 1º EXERCICIO FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A ADMINISTRATIVO/A

O Tribunal á vista da base 8.2 das Bases da convocatoria formula a seguinte puntuación:

Nº	NOME	TOTAL
1	SERGIO SUAREZ POSE	8,58
2	JOSE MANUEL MONTERO LUIS	N P
3	MANUEL LAGO GRAÍÑO	N P
4	YOLANDA BARREIRO GAREA	7,92
5	CRISTIAN RODRIGUEZ PAIS	N P
6	MONICA CARDELLE ROUCO	N P
7	MIGUEL MATEOS CARREIRA	5,94
8	ANGELICA CAROLINA BELLO MEJIAS	N P
9	BERTA LORENZO PAZOS	N P
10	SANDRA PENAS RIVADULLA	6,93
11	MARTINA VAZQUEZ TABOADA	N P
12	JOSE F. GARCIA DOMINGUEZ	7,59
13	BELEN Mª ENCABO GONZALEZ	N P
14	PAULA GONZALEZ RODRIGUEZ	8,58
15	LUCIA CAMPOS GARCIA	N P
16	ANGEL CABO SALGADO	5,94
17	LUCIA GONZALEZ DOMINGUEZ	6,27
18	AINHOA VARELA LOPEZ	4,29
19	MARIA EMMA CASTRO FERNANDEZ	8,91
20	ISABEL GONZALEZ LAREU	N P
21	MERCEDES LOPEZ MOURIÑO	5,28
22	ALMUDENA BUJAN COLLADO	7,59
23	SONIA SEOANE MATO	8,91
24	LUIS SOUTULLO MELLA	N P
25	RAQUEL REGUEIRA FANDIÑO	8,58
26	HELENA SALGADO SEIJAS	N P

O Tribunal concede un prazo de 2 días hábiles a contar dende a publicación na sede electrónica do Concello de Melide do anuncio da valoración da fase de concurso para posibles reclamacións por parte dos/as aspirantes.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, convocando ao Tribunal e aos/ás aspirantes para a realización do 2º exercicio da fase de oposición no EDIFICIO MULTIUSOS do Concello de Melide o **mércores 25 de xuño de 2025 ás 10:00 horas**, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros do Tribunal ás 12:45 h, do que eu, SECRETARIO, certifico.

Melide, 18 de xuño de 2025

O Tribunal

ANEXO

1º EXERCICIO FASE DE OPOSICIÓN: CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO OU LISTAXE DE RESERVA DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS ADMINISTRATIVOS/AS

NOME E APELIDOS: _____

DATA: _____

1.- A entidade básica da organización territorial do Estado é:

- a) o municipio
- b) a provincia
- c) a comunidade autónoma

2.- Cal das seguintes non é unha entidade local territorial?

- a) o municipio
- b) a provincia
- c) as mancomunidades

3.- A igualdade dos españois nos seus dereitos e obrigas independentemente do territorio no que residan recóllense en:

- a) a Constitución
- b) a Lei reguladora das bases do réxime local
- c) o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local

4.- En que ano se aprobou a Constitución española?

- a) 1978
- b) 1979
- c) 1980

5.- O termo onde o concello exerce as súas competencias denomínase:

- a) termo municipal
- b) circunscrición
- c) xurisdición

6.- Quen resida en varios municipios á vez, debe inscribirse no Padrón:

- a) de calquera dos municipios
- b) do municipio no que resida o maior tempo o ano

c) non existe obriga de inscribirse en ningún deles

7.- En que lingua pode denominarse un municipio galego?

- a) sempre e só en galego
- b) sempre e soamente en castelán
- c) a) e b) son incorrectas

8.- O goberno e administración do municipio está encomendado a:

- a) ao alcalde/alcaldesa
- b) ao Pleno do Concello
- c) ao Concello

9.- Corresponde en todo caso aos municipios:

- a) A potestade de programación ou planificación.
- b) A potestade lexislativa.
- c) A potestade de asesoramento xurídico.

10.- O procedemento de selección de funcionarios da administración local axustarase a:

- a) Lexislación básica do Estado.
- b) Ao que establezan as súas bases exclusivamente.
- c) Ao que diga o alcalde.

11.- O número de membros da Xunta de Goberno Local non poderá superar:

- a) O número de 5 membros.
- b) O terzo de número legal de membros da corporación.
- c) A metade dos concelleiros do equipo de goberno.

12.- As entidades locais territoriais son:

- a) Municipio, provincia e a illa no arquipélago balear e canario.
- b) Municipio e provincia.
- c) So é territorial o municipio.

13.- É competencia do Pleno, entre outras:

- a) A aprobación dos regulamentos e ordenanzas.
- b) O mantemento de parque e biblioteca pública.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

14.- O Padrón Municipal de Habitantes conceptúase como :

- a) Documento público fehaciente.
- b) Rexistro administrativo.
- c) Rexistro constitutivo.

15.- De que tipo de personalidade xurídica gozan os municipios?

- a) Propia.
- b) Plena.
- c) Organizativa.

16.- Os servizos de alumeado público e limpeza viaria:

- a) Deben ser prestados en todo caso polos municipios, por si ou asociados.
- b) Poden ser obxecto de delegación polo municipio para que sexan prestados pola Administración da Comunidade Autónoma respectiva.
- c) Só deben ser prestados obrigatoriamente por municipios de máis de 5.000 habitantes.

17.- Que artigo da Constitución Española garante a autonomía dos municipios?:

- a) 140
- b) 141
- c) 142

18.- Un dos seguintes non é un dereito fundamental dos españois:

- a) Reunión con armas para a defensa nacional.
- b) Asociación.
- c) Folga.

19.- A forma política do estado español é:

- a) República democrática.
- b) Monarquía parlamentaria.**
- c) Ditadura.

20.- A condición de funcionario pérdese nos seguintes casos:

- a) Por xubilación forzosa ou voluntaria.
- b) Por defunción.
- c) As respostas a) e b) son correctas.**

21.- Son órganos colexiados locais:

- a) O Pleno.
- b) A Xunta de Goberno Local.
- c) As respostas a) e b) son correctas.**

22.- A quen corresponde a convocatoria das sesións do Pleno?

- a) Ao Alcalde.**
- b) Ao Secretario.
- c) A calquera dos funcionarios.

23.- Son sesións extraordinarias segundo o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF):

- a) As que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude dunha terceira parte, polo menos, do número legal de membros da corporación.
- b) As que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude dunha cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación.**
- c) As que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

24.- Cal é o órgano competente para acordar a aprobación do Inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación?

- a) O Alcalde.
- b) O Pleno.**
- c) A Xunta de Goberno Local.

25.- Os regulamentos dos entes locais entran en vigor:

- a) Aos 15 días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia.**
- b) Ao día seguinte da súa publicación.
- c) Aos 15 días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica municipal

26.- Canto tempo, como mínimo, debe transcorrer entre a convocatoria dunha sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local e a súa celebración?:

- a) Vinte e catro horas.**
- b) Corenta e oito horas.
- c) Dous días hábiles.

27.- Os acordos da Xunta de Goberno Local pon fin á vía administrativa?

- a) Si, salvo nos casos excepcionais en que unha lei sectorial requira a aprobación ulterior da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, ou cando cumpra recurso ante estas en os supostos do artigo 27.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.**
- b) Non, porque é un órgano inferior ao pleno e ao alcalde.
- c) Nunca, xa que é un órgano que actúa por delegación.

28.- Segundo o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais as certificacións dos acordos dos órganos colexiados municipais de goberno:

- a) Só se expiden unha vez aprobadas definitivamente as actas que os conteñan.
- b) Poderán expedirse antes de ser aprobadas as actas que os conteñan a reserva do que resulte da aprobación destas.**
- c) Non poderán antes da aprobación das actas que os conteñan salvo en casos de urxencia.

29.- A última cifra oficial de poboación do Concello de Melide é de 7.734 habitantes, polo que, de acordo co artigo 26 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, é obrigatorio que preste o servizo de:

- a) Biblioteca pública.**

- b) Instalacións deportivas de uso público.
- c) Prevención e extinción de incendios.

30.- De quen é competencia a declaración de lesividade dos actos do Concello?:

- a) Do Alcalde exclusivamente.
- b) Da Xunta de Goberno Local.
- c) Do Pleno**

RESERVAS

1.- Os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde:

- a) De entre os membros da Xunta de Goberno.
- b) De entre calquera dos concelleiros.
- c) De entre os membros da Xunta de Goberno e onde esta non exista de entre os concelleiros.**

2.- O procedemento para a delegación de atribucións de Alcaldía será:

- a) Ditado de decreto da alcaldía delegante e publicación no BOP, e dación de conta ao Pleno.**
- b) Escrito do Alcalde dirixido ao concelleiro delegado
- c) Ningunha das anteriores é correcta.

3.- As comisión informativas poden ser:

- a) Permanentes e especiais.**
- b) Sempre son permanentes.
- c) Xurídicas

4.- O título da Constitución española dedicado á organización territorial do estado é:

- a) Título VI.
- b) Título VIII.**
- c) Título IX.

5.- Segundo o réxime disciplinario dos funcionarios, que se entende por faltas moi graves?:

- a) O acoso laboral.**
- b) O descrédito para a imaxe pública da Administración.
- c) As respostas a) e b) son correctas.